



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN
GALEGA DE TEATRO AFECCIONADO PARA A REALIZACIÓN DO CIRCUITO GALEGO DE
TEATRO AMADOR**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Federación Galega de Teatro Afeccionado o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do Circuíto Galego de Teatro Amador.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto é a Federación Galega de Teatro Afeccionado a que representa a 53 agrupacións teatrais representativas das catro





provincias galegas e a través dela a única forma de achegar o teatro a todas aquelas vilas galegas, que non poden contar cunha programación teatral.

Por todo o anterior é a Federación de Teatro Afeccionado a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, xa que agrupa 53 agrupacións teatrais representativas das catro provincias galegas, o que constitúe a maior estrutura teatral organizada e denota o interese dos grupos galegos en traballar nunha mesma dirección

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 18 de maio de 2016

